

CONTRATACION OBRAS DE REHABILITACION DE EDIFICIO NA RÚA SUBIDA AO CASTELO,
12 DE VIGO (P.A.).

ACTA NÚM 4.

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA PARA O ESTUDIO DO INFORME
TÉCNICO DE PUNTUACIÓNS E PROPOSTA DE TRÁMITES PREVIOS PARA Á ADOPCIÓN DO
ACORDO FINAL POLO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.**

En Vigo, a dous de agosto de dous mil dezaseis.

No Consorcio Casco Vello de Vigo, sendo as 10:00 horas, celébrase reunión da Mesa de contratación presidida polo sr. xerente do Consorcio Casco Vello de Vigo, D. Alfonso Manuel Ramos Covelo, e da que tamén forman parte como vocais a sra. secretaria do Consorcio, D^a Marta M^a Riobó Ibáñez o Sr. interventor, D. Luís García Álvarez, e D^a Nuria Campos Díaz, directora da Área Técnica, actuando como Secretaria da Mesa a directora da Área de vivenda e dos servizos administrativos en funcións, Amelia Gde Nuriamero Vidal.

Atópase sobre a mesa toda a documentación administrativa do procedemento aberto, así como os informes esixidos polo Prego de cláusulas administrativas particulares.

Polo Sr. Presidente suxírese pasar a tratar os asuntos relacionados na orde do día, tomándose sobre os mesmos, os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

Pola secretaria de Mesa de Contratación dáse lectura a acta da reunión da Mesa de contratación celebrada o día 26 de xullo de 2016, con motivo da apertura das ofertas económicas contidas nos sobres "C". Dita acta apróbase por unanimidade dos asistentes.

2º) ANTECEDENTES

1.- A Mesa de contratación designada no procedemento aberto para a selección de adxudicatario das obras de Subida ao Castelo, 12, foi constituída o día **6 de xullo de 2016**. Na referida reunión infórmase do número total das empresas licitadoras e se identifica a cada una delas. A Mesa procede á declaración de inadmisión dos dous sobres que se indican:

Empresa: Gecoga, Construcciones y Proyectos, S.L., (Ingeco, Obras y proyectos, rotulación no sobre exterior) rexistrada o día 18 de maio de 2016, por non estar presentada dentro do prazo indicado nos anuncios publicados no BOP, do 9 de maio de 2016, e no DOG do 25 de maio de 2016.

Empresa: Gecoga, Construcciones y Proyectos, S.L., non anunciaron, tal como se esixe na cláusulas 12.4 do PCAP a presentación dos sobres por correo, mediante telex, fax ou telegrama, chegando estes ao Consorcio fora do prazo.

Procédese a abrir os sobres denominados "A", sendo un total de once, identificando aos licitadores tal e como se reflicten:

UTE:Avan integral/Civisglobal

Oreco empresa constructora.

Desarrolla, obras y servicios, S.L.

UTE, Xestión Ambiental Contratas/ Construcciones y servicios Orega, S.L.

Construcciones Abal, S.A.

Copcisa, S.A.



UTE: Acevi,S.L.-GPD construcciones S.A.

Unika, Proyectos y Obras, S.A.U

Prace, Servicios y obras S.A

Nortemar, S.L.

Emergis Construcción S.L.

Examinada a documentación foi necesario requirir as empresas que se indican a continuación por conter no sobres "A" algún defecto subsanable.

UTE Xestión Ambiental de Contratas/Construcciones Orega, S.L

Prace, Servicios y Obras, S.A

Nortemar, S.L

Desarrolla, obras y servicios, S.L.

Construcciones Abal, S.A.

2.- A Mesa de contratación vólvese a reunir o día **14 de xullo de 2016** en acto público, ao que se convocou aos licitadores para á apertura dos sobres "B". Previamente comprobouse que foron corrixidos e subsanados por todas as empresa requiridas os defectos detectados nos sobres "A".

Comeza acto seguido a apertura dos sobres "B" e, a Mesa de contratación comprobou que non todos os licitadores incluíron en dito sobre "B" a documentación esixida no Prego de Cláusulas Administrativas particulares, polo que foi necesario volver a requirir as empresas seguintes:

UTE, Xestión Ambiental Contratas/ Construcciones y servicios Orega, S.L.

UTE: Acevi,S.L.-GPD construcciones S.A.

Nortemar, S.L.

Emergis Construcción S.L.

A Mesa de contratación, como se adiantou, acordou, por unanimidade dos asistentes, requirir aos licitadores que presentaron incorrectamente a documentación do sobre "B" para que subsanen no prazo de tres días hábiles.

O resto das empresas que se indican de seguido, presentaron correctamente a documentación do sobre "B", sendo estas:

UTE:Avan integral/Civisglobal

Oreco empresa constructora.

Desarrolla, obras y servicios, S.L.

Construcciones Abal, S.A.

Copisa, S.A

Unika, Proyectos y Obras, S.A.U,

Prace, Servicios y obras S.A,

3.- O día **26 de xullo de 2016** vólvese a reunir a Mesa de Contratación.

Analízase a documentación presentada en prazo por todas as empresas requiridas para aportar documentación complementaria dos sobres "B" sendo correcta. Infórmase ao público asistente da puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación puntuables mediante xuízo de valor, (sobres "B").

As puntuacións obtidas trala valoración dos sobres "B" foi a seguinte:

UTE:Avan integral/Civisglobal: 12 puntos.



Oreco empresa constructora: 8 puntos.
 Desarrolla, obras y servicios, S.L.: 10,7 puntos.
 UTE, Xestión Ambiental Contratas/ Construcciones y servicios Orega, S.L.: 12 puntos
 Construcciones Abal, S.A: 10,8 puntos.
 Copcisa: 10,6 puntos.
 UTE: Acevi,S.L.-GPD construcciones S.A.: 9,3 puntos.
 Unika, Proyectos y Obras, S.A.U.: 9.1puntos.
 Prace, Servicios y obras S.A.: 11,7 puntos.
 Nortemar, S.L.: 4,8 puntos.
 Emergis Construcción S.L.: 11 puntos.

Tal e como estaba previsto na convocatoria, dáse lectura en acto público ao contido das ofertas económicas contidas nos sobres "C" que son lidas en alta voz, así como o incremento do control de calidade, ofertando todos os licitadores un 2% excepto Nortemar que ofrece un 1,26%. As ofertas económicas son as seguintes:

UTE:Avan integral/Civisglobal: 333.330€
 Oreco empresa constructora: 371.007,53€
 Desarrolla, obras y servicios, S.L.: 333.700€
 UTE, Xestión Ambiental Contratas/ Construcciones y servicios Orega, S.L.: 355.213,94€
 Construcciones Abal, S.A: 354.232,45€
 Copcisa: 362.278,42€
 UTE: Acevi,S.L.-GPD construcciones S.A.: 338.029,72€
 Unika, Proyectos y Obras, S.A.U.: 365.607,66€
 Prace, Servicios y obras S.A.: 355.254,53€
 Nortemar, S.L.: 349.492,54€
 Emergis Construcción S.L.: 358.096,57€

Acordouse que pola directora da Área técnica do Consorcio se proceda a valorar as ofertas mediante aplicación de formulas, emitindo o informe correspondente e que de ser necesario, por presentarse baixas desproporcionadas, que se lle dé audiencia para que xustifiquen a valoración da oferta e precisen as condicións da mesma.

4.- A Directora da Área Técnica do Consorcio emite informe o día **1 de Agosto de 2016** no que se reflicte que, tralo análise das ofertas presentadas polos licitadores foron identificadas as de **UTE:Avan integral/Civisglobal e Desarrolla, Obras y Servicios S.L.** como desproporcionadas ou anormais, polo que déuselle audiencia a ditos licitadores para que xustificasen as súas ofertas. Das dúas empresas ás que se da audiencia somente presentan xustificación en prazo **UTE:Avan integral/Civisglobal, a outra empresa anuncia que non xustificará.** Analizada a documentación aportada no prazo outorgado a dita empresa que aporta xustificación, o informe técnico conclúe afirmando o seguinte:

As baixas propostas por ambas empresas non garanten a execución dos traballos obxecto do concurso e polo tanto, as ofertas quedarán excluídas e non serán obxecto de clasificación por estimarse que non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados. Por último, o informe acaba sinalando a puntuación total obtida polas distintas ofertas resultando a **UTE, Xestión Ambiental Contratas/ Construcciones y servicios Orega, S.L** por ser a que ten maior puntuación da total posible segundo a aplicación do baremo da cláusula 15 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e



dado que na puntuación dos criterios de adxudicación mediante un xuízo de valor obtivo o mínimo de 7 puntos.

As valoracións totais acadadas, por orde decrecente de puntuación, segundo o informe, unha vez eliminadas as ofertas desproporcionadas (UTE:Avan integral/Civisglobal e Desarrolla, obras y servicios, S.L), son as seguintes:

PRIMEIRO.- UTE, Xestión Ambiental Contratas/ Construcciones y servicios Orega, S.L, 99,72 puntos

SEGUNDO.- Prace, Servicios y obras S.A: 99,41 puntos

TERCEIRO.- Construcciones Abal, S.A: 98,80 puntos.

CUARTO.-Emergis Construcción S.L.:97,88 ountos

QUINTO.-Copcisa: 96,27 puntos

SEXTO.- Unika, Proyectos y Obras, S.A.U, 93,63 puntos.

SÉTIMO.- Oreco empresa constructora: 90.03 puntos.

OITAVO.-Nortemar, S.L: 85,30 puntos

NOVENO.- UTE: Acevi,S.L.-GPD construcciones S.A: 77,30 puntos.

3º) ACORDOS PREVIOS Á PROPOSTA FINAL PARA A ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO SITO NA RÚA SUBIDA AO CASTELO, 12, DE VIGO.

A Mesa de Contratación, á vista da súa actuación recollida nas actas correspondentes, do informe técnico emitido pola Directora da Área técnica do Consorcio Casco Vello de Vigo, de data **1 de agosto de 2016**, no que recolle as puntuacións totais obtidas, e do acordo da delegación de competencias na Presidencia, outorgadas polo Consello de Administración o día 30 de setembro de 2010, respecto dos trámites previos á adxudicación definitiva dos procedementos de contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda, propoñer ao Sr. Presidente do Consorcio Casco Vello de Vigo, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Admisións.

- A) Declarar non admitidas por estar presentadas fora de prazo as ofertas de GECOGA.
B) Declarar admitidas a 11 empresas presentadas ao procedemento en tempo e forma:

UTE:Avan integral/Civisglobal

Oreco empresa constructora.

Desarrolla, obras y servicios, S.L.

UTE, Xestión Ambiental Contratas/ Construcciones y servicios Orega, S.L.

Construcciones Abal, S.A.

Copcisa, S.A.

UTE: Acevi,S.L.-GPD construcciones S.A.

Unika, Proyectos y Obras, S.A.U

Prace, Servicios y obras S.A

Nortemar, S.L.

Emergis Construcción S.L.

Segundo: Desclasificacións.

Desclasificar, por non garantir a execución dos traballos obxecto do concurso estimándose



que non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados de acordo co disposto no artigo 151 do TRLCSP, as ofertas seguintes:

UTE:Avan integral/Civisglobal e Desarrolla, obras y servicios, S.L.

Terceiro: Clasificacións

Clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas do xeito seguinte:

- 1º.- UTE, Xestión Ambiental Contratas/ Construcciones y servicios Orega, S.L, 99,72 puntos
- 2º.- Prace, Servicios y obras S.A: 99,41 puntos
- 3º.- Construcciones Abal, S.A: 98,80 puntos.
- 4º.-Emergis Construcción S.L.:97,88 ountos
- 5º.-Copcisa: 96,27 puntos
- 6º.- Unika, Proyectos y Obras, S.A.U, 93,63 puntos.
- 7º.- Oreco empresa constructora: 90.03 puntos.
- 8º.-Nortemar, S.L: 85,30 puntos
- 9º- UTE: Acevi,S.L.-GPD construcciones S.A: 77,30 puntos.

Cuarto: Selección da oferta mais vantaxosa.

Considerar a proposición mais vantaxosa, en favor de cal se proporá, no seu caso, a adxudicación do contrato a de UTE, Xestión Ambiental Contratas/ Construcciones y servicios Orega, S.L, 99,72 puntos non estando incurso en valores anormais ou desproporcionados, e ofertando o importe de trescentos cincuenta e cinco mil douscentos trece euros con noventa e catro céntimos de euros (355.213,94€), que co IVE do 10%, trinta e cinco mil cincocentos vinte e un euros con trinta e nove céntimos de euro (35.521,39€) fai un importe total de trescentos noventa mil setecentos trinta e cinco euros con trinta e tres céntimos (390.735,33€). Tamén oferta incremento un incremento da porcentaxe mínima adicado ao plan de control de calidade de 2%.

Quinto: Requirimento para documentación previa

Requirir ao licitador que ten a proposición mais vantaxosa, para que no prazo de 10 días hábiles, contados dende o seguinte a aquel no que houbera recibido a notificación, ao obxecto de que presente a documentación á que se refire o artigo 151.2 do texto Refundido da Lei de contratos do sector público, e a cláusula 21 do PCAP, así como a garantía definitiva. No referido requirimento advertiráselle que de non cumprimentarse adecuadamente o mesmo no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte pola orde na que estean clasificadas as ofertas. Igualmente deberáselle requirir o ingreso na conta do Consorcio aberta en A Banca número ES74-2080-5000-6031-1028-6703, o importe dos anuncios nos diarios oficiais que ascende a cincocentos vinte e cinco euros con noventa e cinco céntimos (521,95€) tal como se esixe no Anexo 1.5 das FEC incorporadas ao Prego de cláusulas referido.

Unha vez se certifique pola secretaria do Consorcio a presentación da documentación solicitada, reunirse novamente a Mesa de contratación para propoñer ao órgano de contratación, Comité Executivo, previa fiscalización, a adopción do acordo de adxudicación.

O Presidente
Alfonso Manuel Ramos Covelo

A Secretaria
Amelia Gamero Vidal.

